PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/05/2025 14:44:37
Nº Rexistro: 7375
Data envio: 28/05/2025 14:44:37.040

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de maio de 2025**,** adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Administración do Parlamento de Galicia

2.1. Recursos humanos

2.1.1. Plan de igualdade

Designación das persoas que representarán á Administración Parlamentaria na Comisión encargada da elaboración do Plan de Igualdade do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xaneiro de 2025, por proposta desta presidencia, tomou coñecemento do inicio por parte do presidente do procedemento de elaboración do Plan de igualdade do Parlamento de Galicia, cun contido adaptado á especial natureza e á organización da súa actividade, así como ás peculiaridades que se poidan derivar da súa autonomía.

Este Plan de igualdade, dirixido ao persoal da Administración parlamentaria, pretende tornarse un instrumento de actuación que recolla, dunha maneira ordenada e concreta, os obxectivos que cómpre conseguir en materia de igualdade de xénero do persoal que presta os seus servizos nesta institución.

Isto comporta un diagnóstico previo da situación actual das mulleres e dos homes ao servizo do Parlamento de Galicia. Os datos que se obtiveren deste diagnóstico permitirán identificar as carencias e os ámbitos que se precisan mellorar e marcarán as liñas de actuación que deberá incluír o Plan de igualdade de xénero do Parlamento de Galicia. No ámbito das administracións públicas, o título V da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a disposición adicional sétima do Estatuto básico do empregado público son as normas que inclúen os plans de igualdade.

Como primeiro paso no proceso de elaboración do referido Plan de igualdade, para a súa correcta implementación e coa intención de garantir a validez, a eficacia e a viabilidade de toda a preparación do Plan, é necesario crear unha Comisión de Igualdade, que deberá ter unha composición paritaria, formada polo persoal funcionario, en representación da Administración parlamentaria, e polos representantes do seu persoal.

Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXPG-H94ITwTUJ-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/05/2025 14:44:37
Nº Rexistro: 7375
Data envio: 28/05/2025 14:44:37.040

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión, após ser constituída, nomeará as persoas que exercerán as funcións de coordinación e de secretaría e aprobará as súas normas de funcionamento. Supletoriamente, aplicaranse as normas contidas, con carácter xeral para os órganos colexiados das distintas administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Co fin de poder constituír a Comisión de Igualdade, encargada de elaborar o Plan de igualdade do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Designar representantes da Administración parlamentaria para a Comisión de Igualdade as persoas que se indican deseguido:

- Xermán García Cancela
- Raquel Rodríguez Carro
- Rosario Torrado Sanmarco
- Pedro Vila López
- María del Rosario Vilariño Sánchez

2º. Comunicar este acordo ás persoas interesadas, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, aos sindicatos e á Xunta de Persoal.

3º. Publicar este acordo no Portal de transparencia do Parlamento.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2025

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.28 14:39:33 +02'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXPG-H94ITwTUJ-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/05/2025 14:44:37
Nº Rexistro: 7375
Data envio: 28/05/2025 14:44:37.040

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 28/05/2025 14:39:33

CSV: REXPG-H94ITwTUJ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/05/2025 14:44:37
Nº Rexistro: 7375
Data envio: 28/05/2025 14:44:37.040

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 14:44:37

CSV: REXPG-H94ITwTUJ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/